

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA
DE 25 DE NOVEMBRO DE 2021.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as sete horas e nove minutos do 25 de novembro de 2021 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (ALCALDESA)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE).
D^a CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

Non asiste dona Paula Rodríguez Domínguez de Ribeiro en Común.

Alcaldesa.-

BOA TARDE A TODOS E TODAS, CONCELEIRAS, CONCELEIROS E AO PÚBLICO QUE NOS SEGUE TELEMÁTICAMENTE. A DATA TEMOS 14 CASOS POSITIVOS DE COVID.. DEBEMOS EXTREMAR AS PRECAUCIÓN, MÁIS NAS ESCOLAS DE INFANTIL QUE ESTÁN SEN VACINA. IMOS COMENZAR A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE NOVEMBRO DE 2021.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADAS, QUE FORON A DO 28 DE OUTUBRO DE 2021 (ORDINARIA) E 12 DE NOVEMBRO DE 2021 (EXTRAORDINARIA).

Fican aprobadas.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

Alcaldesa.- ESTIVERON A DISPOSICIÓN CO EXPEDIENTE DA SESIÓN

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 22 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de outubro; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de outubro; dúas; unha, sobre eficacia comunicacion previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de outubro; catro; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de novembro; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de novembro; sete; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre requirimento; unha, sobre desestimación recurso; tres; sobre arquivo expedientes; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de novembro; sete; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre concesión licenza de ampliación vivenda; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de novembro; oito; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión cambio titularidade licenza municipal autotaxi; unha, sobre lista definitiva aspirantes Auxiliar Administrativo; unha, sobre lista definitiva aspirantes Orientacion Laboral; unha, sobre concesion licenza de ampliación vivenda; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de novembro; tres; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de novembro; seis; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre arquivo expte.; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previaa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de novembro; tres; unha, sobre cambio titularidade licenza autoturismo; unha, sobre enterramento; unha, sobre ocupación dominio público.

Do 10 de novembro; tres; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de novembro; catro; unha, sobre cont -admtvo 249/2021, unha, sobre remisión documentación ao xulgado P.O. 203/2021; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de novembro; cinco; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre ocupación dominio público.

Do 15 de novembro; sete; unha, sobre recoñecemento antigüidade; dúas, sobre contratación obras; unha, sobre enterramento; unha, sobre comunicación previa actividade; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de novembro; tres; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de novembro; tres; unha, sobre nomeamento director obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de novembro; tres, unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aprobación “memoria valorada conservación Igrexa Madalena”; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de novembro; tres, dúas, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de novembro; dúas; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións.

Do 23 de novembro; dúas; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obras.

Do 24 de novembro; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre devolución aval; unha, sobre indemnización; unha, sobre incoción expte. disciplinario, unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación dominio público.

3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Alcaldesa.- Esta declaración é a da Federación Galega de Municipios e Provincias, a que leimos esta maña na concentración.

O maltrato machista, consecuencia máis atroz da pretendida desigualdade entre homes e mulleres, segue na nosa sociedade. Por iso, con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Fegamp lembra ás vítimas que os Concellos están aí para axudalas a saír desa situación e reitera o firme compromiso das Entidades Locais de combater tan inxusta, irracional e gran eiva. A COVID19 agravou e agachou o problema, pero a debacle da pandemia vén seguida dunha oportunidade para avanzar cara a unha metamorfose histórica en todos os eidos: as bases que rexen o estilo de vida, o emprego dos recursos naturais, a economía, os dereitos e as relacións humanas. Neste último punto se encadra o obxectivo de acadar a igualdade de xénero, principio esencial para unha sociedade xusta, pacífica, próspera, sostible e absolutamente incompatible co maltrato á muller. Cando consegue saír á luz, a violencia física, máis identificable ou perceptible, é a que fai saltar as alarmas máis veces. Pero o maltrato ás mulleres prodúcese acotío, en case todos os ámbitos da vida e baixo distintas formas: discriminación, violencia, vexación, dominio, ameaza, acoso, enmudecemento, privación... Mais recentemente reconecida pero non por iso menos cruel, nesta lista incluíuse a violencia vicaria, é dicir, aquela que o maltratador exerce contra as persoas que a muller máis quere, normalmente fillos e fillas, coa intención de xerarlle sufrimento ou sometela. Se ben ao longo dos últimos anos as estatísticas amosan avances importantes nalgúns formas de maltrato como a ablación, aínda deixan cifras tremebundas como que case 1 de cada 3 mulleres do mundo de 15 anos ou máis sufriu violencia física ou sexual ao menos unha vez na súa vida. Aquí, en Galicia, a memoria da Fiscalía Superior de Galicia do ano pasado rexistra 6.073 vítimas da violencia de xénero (1,27% máis que en 2019), 3 asasinatos machistas e un dato moi preocupante: un 84% de renuncias a continuar co proceso xudicial. Os Concellos somos para a cidadanía a Administración tanxible; o refuxio das persoas cando teñen dúbidas, necesidades, problemas... A confianza que depositan en nós é unha gran responsabilidade que cobra máis peso canta máis gravidade reviste a situación e, fóra de toda cuestión, a vida e integridade das persoas é a maior das prioridades. Esta relación directa, a nosa capacidade de xestión, xunto co noso coñecemento e acción á hora de dar forma ao modelo de convivencia, convértenos nun actor esencial en calquera política, pero de xeito especial naquelas que inciden directamente nas persoas.

O compromiso do municipalismo galego fronte a violencia de xénero va máis aló de diminuír os rexistros de vítimas; persegue erradicar ese maltrato astuto e invisíbel que oprime de distintas maneiras ás mulleres impedíndolles o seu desenvolvemento e traballa na concienciación para que a igualdade sexa inherente á nosa sociedade. E dende este posicionamento, a Fegamp, en nome das Entidades Locais Galegas : - Instamos ás demais Administracións, institucións, entidades públicas e privadas, axentes sociais e á cidadanía en xeral, a sumarse a esta declaración de denuncia e compromiso para erradicar calquera tipo de violencia contra as mulleres. -Sinalamos a necesidade dunha abordaxe global e profunda, con liñas de acción sobre todas as formas do maltrato, incidindo non só na asistencia senón axudando a dar visibilidade a todo tipo de situacións e adoptando medidas de prevención que eviten o sufrimento. - Reivindicamos a importancia do municipalismo nesa inescusable transformación que debe pór fin ao maltrato ás mulleres e a acorde participación na toma de decisións que precise dito proceso. -Requirimos recursos económicos e humanos para a implementación de proxectos de axuda e empoderamento das mulleres -Demandamos a mellora e prioridade das políticas e leis a favor do desenvolvemento das mulleres, garantindo a súa aplicación en calquera espazo e circunstancia a prol de protexer os seus

dereitos. -Subliñamos o valor das mulleres no desenvolvemento social, económico, intelectual e humano e, por tanto, a necesidade de asegurar a súa participación plena e efectiva en todos os niveis de liderado e decisorios da vida política, económica e social, tanto pública como privada.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 9/2021.

A proposta de acordo é do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.9/2021, na modalidade de crédito extraordinario, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

1º CREDITOS NECESARIOS:

- *Creditos extraordinarios (Partidas non existentes no Orzamento)*

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Aumento que se prop.</i>	<i>Total</i>	<i>Fins</i>
221.00 231	34.400	5.000	39.400	<i>Subministración (Servicio Asistencia Social e Xantar na casa).</i>
439.48900	16.400	4.000	20.400	<i>Programa Bono Comercio Nadal</i>
161.221.10	0	4.000	4.000	<i>Actuacións abastecemento en Santo Andre.</i>
171635.00	0	18.000	18.000	<i>Mobiliario parques infantis (Xardinillos C.R.A. San Paio e outros)</i>
342.22100	28.500	5.000	33.500	<i>Actuacions e eventos varios en instalacions deportivas municipais</i>
459.212.00	25.000	13.800	38.800	
<i>Edificios e outras construcións</i>	<i>432.48900</i>	<i>12.000</i>	<i>3.452</i>	<i>15.452 Outras Transferencias (Cotas asociación Camiño Miñoto e Pueblos Mágicos).</i>
338.226.09	87.900	3.000	90.900	<i>Gastos diversos (Actividades Nadal)</i>
231.231.00	0	4.000	4.000	<i>Kilometraxe e actividades de prevención de riscos laborais de auxiliares a domicilio.</i>

RESUMO

Tota creditos extraordinarios e suplementos de crédito 60.252
Total créditos necesarios 60.252

IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 60.252

=====

2º.- FINANCIAMIENTO

Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:

- a) Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.
- b) Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Disminución que que se prop.</i>	<i>Total</i>
208.00 135	13.500	13.500	0 (1)
227.06 441	5.000	5.000	0 (2)
480.00 925	3.000	1.800	1.200 (3)
489.00 439	30.000	13.550	16.450(4)
480.00 231	30.000	6.450	23.550 (5)
16000.221	530.966,38	6.952	524.014,38(6)
231.13100	253.874,71	13.000	240.874,71(7)

Total diminución que se propón-----60.252

- (1) Aluguer nave do G.E.S..
- (2) Plan de Mobilidade.
- (3) Cheque Bebe
- (4) Transferencias a empresas en crise: hostelería, autónomos e viticultores.
- (5) Transferencias a parados e familias sen recurso.
- (6) Seguridade Social
- (7) Retribucións Persoal Servicios Sociais

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Alcaldesa.-Esta modificación orzamentaria trata de atender a varias necesidades , algunhas, que como grupo de goberno consideramos absolutamente esenciais para os máis desfavorecidos, para o comercio de Ribadavia, e de cara ás actividades a desenrolar con motivo das festas do Nadal, e tamén para actuacións de abastecemento en Santo André, moi necesarias, como a todos nos consta.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- É o último expediente de modificación de crédito do ano. Se anunciou na comisión de contas e figuraba na

convocatoria do pleno. O mércores se enviou o expediente aos grupos. Hoxe se fixo unha pequena subsanación por necesidades de última hora.

Temos a intención de non desaproveitar ningún recurso. Houbo que estudar o estado de execución de todas as partidas, postas en relación coas demandas da veciñanza e asociacións. Xantar na Casa se demandou máis do estimado, motivado en parte pola covid.

Se renova o programa do Bono de comercio, os comerciantes están contentos. As Festas do Nadal, se a covid o permite, se celebrarán para veciños e comerciantes, dende a modestia do concello.

A pesar de ser unha rede veciñal, se fará unha pequena colaboración coa rede veciñal de Santo André, é un servizo básico.

Se fará unha pequena mellora no parque do CRA Amencer. Tamén unhas pequenas melloras no Parque dos Xardinillos.

Os servizos sociais son unha prioridade para este goberno, ás auxiliares de axuda no fogar, se lles reforza e compensa o kilometraxe e a prevención de riscos laborais.

A aprobación de esta modificación orzamentaria é dun gran interese xeral.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Enviar unha forte aperta aos afectados pola covid.

Nas comisións informativas se dixo que se ía a facer unha modificación orzamentaria, a primeira sorpresa é que figura na convocatoria do pleno sen o expediente, e a documentación nos chega o mércores. Hoxe hai un novo cambio; nun tema importante. Piden o apoio da oposición. Como se pedía antes, demando que se respecte un pouco á xente da oposición. Antes se demandaba información, agora simplemente pedimos que se envíe a tempo. Se o pleno fose mañá, seguro que habería outra modificación.

No tema da declaración da eliminación da violencia institucional contra a muller, se nos pasou un papel nas comisións. Non me gusta que se nos pase un papel, nun tema que nos parece tan serio.

Levo cinco días pedindo a programación para o vinte e cinco de novembro. A media mañá chega unha convocatoria para a 1:30. Non se pode decir que fan as cousas ben. Como decía meu ; Seguir así que ides ben;

Alcaldesa .- As modificacións non se puideron entregar antes por circunstancias persoais dun funcionario.

A Declaración pola eliminación da violencia contra a muller, houbo un erro, pois estaba en castelán, e houbo que traducir a mesma.

As actividades do vinte e cinco de novembro se informaron en comisións.

Pedimos desculpas por non entregar antes a proposta de modificación orzamentaria.

D César Fernández Gil (PP).- Boa tarde a todos e todas, tamén ao público que nos segue polo streaming.

Podería facer miñas algunhas das palabras da portavoz do BNG. Pedimos que algunhas cuestións se traten coa profundidade necesaria.

Imos votar a favor da modificación orzamentaria. Pediría que repasen e revisen que no pleno de outubro de 2020, houbo unha modificación orzamentaria moi similar, e os que entón eran grupos da oposición votaron en contra.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Me quedo decepcionado con algún grupo, é de primeiro de demagogia comparar contextos que non ten nada que ver. Leva un gran esforzo xestionar un concello. Non se poden comparar 77 casos de covid coa situación actual.

A falta de respecto é constante, os concelleiros do PP se ríen. Se oculta que en outubro de 2020 Ribadavia estaba pechada perimetralmente. Había que concentrar os recursos en axudas sociais , non en reparar parques. Se comportaba como se tivera maioría absoluta.

Pola porta de atrás, a Deputación lle retiraba axudas á Banda Lira , e as quería traer eiquí.

Hai un grupo que lle entra ao PP no xogo. O BNG compara o antes e o despois, había unha oposición maioritaria con dous grupos de esquerda.

Non nos queixamos de que a oposición traia propostas. O que sucedía é que a un grupo en minoría se lle esixían certas cousas. Esta modificación está amparada por unha maioría absoluta. A actitude do BNG dice que case maltramos aos grupos , o que non é certo. Os grupos da oposición non piden xuntas de portavoces; nas comisións informativas se informa moitísimo.

Se nos acusa de cousas que non son reais. O PP dice barbaridades nas redes sociais Os grupos de oposición se vitimizan. Hai absoluta transparencia na xestión do concello. As estratexias do PP e BNG se basean e pivotan en mentiras.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Non sei por que se enfada tanto o portavoz do goberno. Se eu, como concelleira non podoo expoñer o meu pensamento ou a miña opinión, terei que deixar de veñir aos plenos. Non teño que pedir desculpas se non lle gustan.

Antes eramos trece concelleiros, e agora os seis da oposición non contamos para nada, como hai un goberno con maioría absoluta. ¿ non tivo vostede a súa estratexia no seu día?

D César Fernández Gil (PP).- En algún momento sería bó, que o portavoz do goberno asumise o seu papel , como goberno, e non fixera oposición á oposición. Vive na permanente estratexia.É surrealista que os concelleiros da oposición teñamos que aturar unha bronca, cando o primeiro que anunciamos foi o noso voto a favor.

Non imos a ser uns palmeros do goberno actual.Nos cando gobernamos soportamos certas situacións ,por iso agora nos fai gracia o que agora se dí.

Dedíquese a gobernar.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- ¡Manda truco! Que nos adiquemos a gobernar , é o que facemos . Gobernamos pese ás adversidades. Ogallá que este goberno tivera a metade de lealdade institucional que tivo o anterior. Vostede bloquea proxectos de este goberno, demostra máis actividade agora que cando era alcalde. Estamos bloqueados en proxectos dende a Deputación ¿ Onde está o respecto a este goberno? O pagan os veciños. Se pode interferir, interfere.

Se encontra cómplices ou colaboradores necesarios en outros grupos, que se dín de esquerdas. Non abronco a ningún, digo o que penso. O respecto existe, non me gusta o que vostedes fan. Non nos pidan que asumamos o seu discurso.

Traballamos con froitos pese aos atrancos de algúns partidos. O goberno fixo unha contextualización, a moción de censura xenerou tensións na sociedade, ese contexto non pode existir eternamente. O PP, cunha campaña decindo que mentimos, intenta deslexitimar un goberno democrático.

Alcaldesa.- Gobernar conleva un gran esforzo, moito máis tendo as administracións do PP en contra.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), PSOE (4), RENC (2), abstención BNG (1), fica aprobada.

5.-ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE AHORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CONCELLO DE RIBADAVIA .-

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 18 de novembro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Considerando que el pleno del ayuntamiento de Ribadavia en sesión de 29 de julio de 2021 adoptó el siguiente acuerdo:

APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA(OURENSE)

ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POR EL IDAE EN BASE AL REAL DECRETO 616/2017 , DE 16 DE JUNIO, POR EL QUE SE REGULA LA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014

Se acuerda:

PRIMERO. Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto para el PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA (OURENSE) , convocando su licitación.

SEGUNDO. Aprobar los Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares y de Prescripciones Técnicas que regirán el contrato.

TERCERO. Aprobar el gasto correspondiente:

890.543,27 €.

CUARTO. Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

QUINTO. Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas.

SEXTO.- Designar a los miembros de la mesa de contratación y publicar su composición en el perfil de contratante:

Presidenta, D^a Noelia Rodríguez Travieso, alcaldesa.

Vocales:

-Francisco Fernández Castro, secretario.

-D Vicente Soto Rodríguez, interventor.

-D Rafael Cid Fernández, tesorero.

-D José Manuel Pérez Otero, director del Servicio Municipal de Deportes.

-D Sergio Rodríguez Rodríguez, ingeniero técnico colegiado del Colegio de Ourense.

Considerando que con fecha de 24-08-2021 se publicó en la Plataforma de Contratación del sector público el anuncio de licitación.

Considerando que se presentó oferta por las siguientes empresas:

AOPIL SL.

CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI SA

ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SL

IMESAPI SA

INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL

Considerando que las empresas presentaron la documentación administrativa correctamente declarándose admitidas.

Considerando que con fecha de 26 de octubre de 2021 la Mesa de Contratación formuló propuesta de adjudicación a favor de AOPIL SL :

ACTA DE LA MESA DE CONTRATACIÓN APERTURA SOBRE B DEL CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABIERTO PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA

ACTUACIÓN SUBVENCIONADA POR EL IDAE EN BASE AL REAL DECRETO 616/2017 , DE 16 DE JUNIO, POR EL QUE SE REGULA LA CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020.

En el ayuntamiento de Ribadavia a las 10:21 horas del 26 de octubre de 2021 se constituye la Mesa de contratación del expediente del contrato de obras de Proyecto de ahorro y eficiencia energética del ayuntamiento de Ribadavia integrada por Presidenta D^a Noelia Rodríguez Travieso, vocales , Vicente Soto Rodríguez, Rafael Cid Fernández, ., secretario Francisco Fernández Castro a efectos de proceder a la apertura del sobre B :

Documentación relativa a la oferta económica y a criterios evaluables automáticamente

Las ofertas son las siguientes:

AOPIL SL.

Precio (IVA incluido) 870.060,77 euros

Plazo de garantía 4 años

Mejoras de obra:

CAPÍTULO C01 ALUMBRADO MEJORAS EN PASEO FLUVIAL RIBADAVIA	Si
CAPÍTULO C02 ALUMBRADO MEJORAS EN RÚA DO PROGRESO	Si
CAPÍTULO C03 PUNTO DE RECARGA VEHÍCULO ELÉCTRICO	Si

CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI SA

Precio (IVA incluido) 812.909,18 euros

Plazo de garantía 4 años

Mejoras de obra:

CAPÍTULO C01 ALUMBRADO MEJORAS EN PASEO FLUVIAL RIBADAVIA	Si
CAPÍTULO C02 ALUMBRADO MEJORAS EN RÚA DO PROGRESO	Si
CAPÍTULO C03 PUNTO DE RECARGA VEHÍCULO ELÉCTRICO	Si

ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SL

Precio (IVA incluido) 873.492,38 euros

Plazo de garantía 4 años

Mejoras de obra:

CAPÍTULO C01 ALUMBRADO MEJORAS EN PASEO FLUVIAL RIBADAVIA	Si
CAPÍTULO C02 ALUMBRADO MEJORAS EN RÚA DO PROGRESO	Si
CAPÍTULO C03 PUNTO DE RECARGA VEHÍCULO ELÉCTRICO	Si

IMESAPI SA

Precio (IVA incluido) 883.864,19 euros

Plazo de garantía 4 años

Mejoras de obra:

CAPÍTULO C01 ALUMBRADO MEJORAS EN PASEO FLUVIAL RIBADAVIA	Si
CAPÍTULO C02 ALUMBRADO MEJORAS EN RÚA DO PROGRESO	Si
CAPÍTULO C03 PUNTO DE RECARGA VEHÍCULO ELÉCTRICO	Si

INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL

Precio (IVA incluido) 869.311.01 euros

Plazo de garantía 4 años

Mejoras de obra:

CAPÍTULO C01 ALUMBRADO MEJORAS EN PASEO FLUVIAL RIBADAVIA	Si
CAPÍTULO C02 ALUMBRADO MEJORAS EN RÚA DO PROGRESO	Si
CAPÍTULO C03 PUNTO DE RECARGA VEHÍCULO ELÉCTRICO	Si

Resultan las siguientes puntuaciones

PRECIO

AOPIL SL.	40,4466302392526
CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI SA	41
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SL	40,4148003970817
IMESAPI SA	40,319501605938
INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL	40,4536047251426

PLAZO DE GARANTÍA

AOPIL SL.	8
CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI SA	8
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SL	8
IMESAPI SA	8
INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL	8

MEJORAS

AOPIL SL.	17
CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI SA	17
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SL	17
IMESAPI SA	17

SOBRE C (MEMORIA TÉCNICA)

AOPIL SL. 13,65

CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI SA 8,6

ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SL 9,4

IMESAPI SA 9,0

INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL 8,2

PUNTUACIÓN TOTAL

AOPIL SL. 79,0966302392526

CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI SA 74,6

ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SL 74,81480003970817

IMESAPI SA 74,3195016035938

INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS SL 73,6536047251426

Se formula propuesta de adjudicación a favor de AOPIL SL

Con registro de salida número 2672 de 28 de octubre de 2021, se requiere al licitador que ha presentado la mejor oferta, AOPIL SL, a en el plazo de 10 días hábiles a partir de la recepción de la notificación a constituir una garantía por importe del 5% del precio final ofertado, excluido el impuesto sobre el valor añadido :35.952,92 euros.

Atendiendo al requerimiento formulado la empresa AOPIL SL constituyó Aval con fecha de 8 de noviembre de 2021 por importe de 35.952,92 euros a favor del ayuntamiento de RIBADAVIA.

Visto el artículo 159.4 de la Ley 9/2017 de contratos del sector público y el pliego de cláusulas administrativas particulares que rigen la contratación.

El pleno del ayuntamiento acuerda:

1º Adjudicar el CONTRATO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO DEL AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA a AOPIL SL, con sujeción a las condiciones ofertadas en la oferta presentada por la empresa a través de la plataforma de contratación del Estado y a los pliegos reguladores de la licitando, reconociendo ambas partes el carácter contractual y vinculante de dicha documentación.

2º Publicar anuncio de adjudicación en el perfil del contratante en plazo de quince días.

3º Notificar la presente adjudicación a AOPIL SL y citarle para la firma del contrato que tendrá lugar el día 13 de diciembre de 2021 en horario de mañana.

4º Notificar el presente acuerdo a los demás licitadores presentados.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PSOE, RENC, ; reserváanse para o Pleno os membros do PP e BNG . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Alcaldesa.-Trátase dun gran proxecto e dunha gran actuación para Ribadavia. Unha parte importante está financiada polo Goberno do Estado, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro enerxético, e tamén conleva unha aportación municipal importante. Consideramos que este esforzo é necesario pois redundará no aforro enerxético , en facer un concello máis sostible ambientalmente , e nun mellor servizo aos veciños

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Recordar o xa exposto nas Comisións. O pleno de xullo aprobou o expediente de contratación.O día 24 de agosto publicouse o anuncio na Plataforma de contratación do sector público, o contrato estaba aberto a toda a Unión Europea. O día 6 de outubro celebrouse a mesa de contratación, con importantes diferencias na puntuación. Todo o expediente foi totalmente transparente e estivo a disposición dos grupos. Os técnicos municipais estiveron a disposición para dar as explicacións oportunas. O proxecto conleva un importante aforro enerxético. As tres melloras as introduciu este goberno. A miña obriga moral cando se da información errada por algún grupo é poñelo de manifesto: o PP dí que a mellora de recarga de vehículos eléctricos e grazas a eles. O propuso este goberno.Hai unha intención de presentar esta moción, cando xa se sabía. Non é proposta do PP. Tamén hai melloras no paseo.Foi un expediente exemplar.

Alcaldesa.- Estiveron a disposición, é un mero trámite.

D César Fernández Gil (PP).- Imos votar a favor. Escoitando parece como si alguen tivera puesto en dúbida a transparencia do proceso; cando hai funcionarios encargados de velar por dita cuestión.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade dos presentes.

As sete horas e cincuenta e oito minutos faise un receso para participar na concentración do 25 de novembro con motivo do día internacional para a eliminación da violencia contra a muller.

As oito horas e quince minutos se reanuda a sesión.

Alcaldesa.- Retomamos a sesión do pleno.

6.- MOCION PP SOLICITANDO A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO IVTM.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 18 de novembro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

- 1- Instar ao goberno municipal a modificar a ordenanza fiscal nº2, reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), de tal xeito que no artigo 4 “Exencións e bonificacións” se engada un apartado 3 coa seguinte redación: *“Gozarán dunha bonificación do 75 por 100 de cota do imposto os vehículos de mobilidade sostible entendendo por tal tanto os vehículos eléctricos coma os vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas)”*
- 2- Que se faga todo o posible para que esta modificación da ordenanza poida entrar en vigor e aplicarse no exercizo 2022.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PP ; reserváanse para o Pleno os membros do , P.S.O.E., BNG, e Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

D César Fernández Gil (PP).- Instamos ao goberno a levar a cabo unha modificación da ordenanza para bonificar os vehículos sostibles., e incentivar a adquisición de este tipo de vehículos , e reducir a emisión de gases contaminantes.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É un tema interesante, se debería camiñar nesta liña. Non sei cantos vehículos híbridos hai no noso concello. Nos imos a abster.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Cada vez se vira máis cara a estes vehículos, parece que son o futuro. A posta en vigor non pode ser en 2021, leva unha exposición pública de 30 días, non se pode implementar este ano.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a favor PP (5), abstención PSOE (4), RENC (2), BNG (1), fica aprobada.

7.- MOCIÓN PARA QUE A XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE RIBADAVIA POIDA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA GROBA, CHABOLAS, O SEIXO E SANÍN.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 18 de novembro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

O pleno de Ribadavia apoia que os núcleos de A Groba, As Chabolas, O Seixo e Sanín se poidan sumar á rede municipal de saneamento e abastecemento de Ribadavia a través da realización do investimento necesario por parte da Consellería de Infraestruturas da

Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Ribadavia do proxecto de abastecemento e saneamento destes núcleos poboacionais.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PSOE e RENC, ; reserváñse para o Pleno os membros do PP e BNG . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

Alcaldesa.-Todos somos conscientes das carencias en materia de abastecemento e saneamento dos núcleos de A Groba, as Chavolas, o Seixo e Sanín. Dende o concello temos un gran interese en resolver a problemática de estes veciños, pero require un enorme esforzo económico , que o concello non pode asumir só. Por iso demandamos á colaboración de Augas de Galicia e da Deputación provincial para poder realizar esta actuación, tan necesaria para os veciños e veciñas de eses núcleos.

D Brais Fidalgo Martinez, portavoz do goberno.- Está xa expresada nas comisións, avalado por unha necesidade obxectiva de fai moitos anos e pola sinatura da inmensa maioría da poboación. As administracións superiores con máis capacidade económica ten que axudar. A auga é un dereito básico. Hai un proxecto aprobado no concello dende o ano 2015. Solicitamos que se sufrague o abastecemento e conexión dos catro núcleos, que se sufrague esa importante inversión de medio millón de euros.

As administracións superiores respaldan semanalmente proxectos similares en núcleos de menos poboación.

Caminemos unidos na mellora substancial das condicións de vida dos veciños, pedimos o respaldo por unanimidade.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É un tema moi demandado polos veciños de esas localidades. Hai que intentar involucrar tamén a Confederación Hidrográfica.

D César Fernández Gil (PP).- O noso voto vai a ser favorable.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

8.-MOCIÓN SOBRE PROCESOS DE CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 18 de novembro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Ribadavia é un exemplo na comarca e provincia de respecto ás disposicións legais de contratación pública, pero o Concello de Ribadavia como institución pública, debe facilitar todo o posible a participación nos seus procesos de contratación de persoal.

As últimas convocatorias municipais para a contratación de persoal laboral foron publicadas na prensa en xoves, cun prazo de presentación de solicitudes de 5 días naturais. en ambos casos, tres deses días naturais foron o sábado, o domingo e un festivo.

Logo, as persoas aspirantes foron convocadas para a entrevista curricular mediante anuncio no taboleiro da casa do concello e na páxina web municipal. Consideramos que o envío dun correo electrónico e/ou un SMS a cada solicitante non supón un emprego considerable do tempo de traballo dos empregados municipais, mantén a debida axilidade no proceso de contratación e asegura a participación de calquera persoa solicitante.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

1 Que en vindeiros anuncios de convocatoria para a contratación de persoal por parte do concello de Ribadavia, se dispoña un prazo de presentación de solicitudes en días hábiles, se o prazo se establece en días naturais, que a convocatoria sexa publicada en luns, sempre que non haxa xornadas festivas no resto da semana.

2 Que en vindeiros procesos para a contratación de persoal por parte do concello de Ribadavia, á hora de citar ás persoas aspirantes para a entrevista curricular se procede mediante envío dun correo electrónico e/ou un SMS aos enderezos que cada solicitante facilitara.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, BNG, ; reserváanse para o Pleno os membros do PP , PSOE e RENC . Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Esta moción se presentou en comisións, se fixo un rogo no mesmo sentido. Escomenza decindo que Ribadavia é exemplar nesta cuestión. Hai ánimo de facilitar ás persoas aspirantes. Non costa nada mandar un sms ou un correo electrónico.

Houbo un proceso en que o prazo de presentación de solicitudes foi en días hábiles. Se chamou a moita xente pero a algunha non.

D César Fernández Gil (PP).- Nos parece ben. As dúas cuestións se poden facer, redunda na mellora dos procesos.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Imos a expresar o que expusimos nas comisións. Se explicou de maneira moi pedagóxica. Nas comisións se dixeron cousas que ponían sombras sobre algúns procesos, agora a exposición do BNG foi moito máis correcta.

Todos os procesos son transparentes, a administración debe camiñar cara a administración electrónica. Non houbo ningunha queixa no proceso a que se refire o

BNG. Nadie deixou de poder presentarse, a inmensa maioría das solicitudes foron telemáticas. Houbo dos días presenciais. A lei permite correos, rexistros de outras administracións, ventanilla única, etcétera... O concello fixo moita publicidade. Os aspirantes a un proceso teñen que leer as bases.

Cando se dice que se chamou a uns sí e a outros non, pode interpretarse que houbo favoritismo. Se chamou a todos, uns colleron e outros non. Había unha necesidade de substitución urxente e imperiosa por necesidades persoais, había risco de perder unha subvención. O proceso foi exemplar.

Alcaldesa.- A frase de que se chamou a uns sí e a outros non, pode dar lugar a dúbidas. Se chamou a todos, e aos que non colleron, se lles volveu a chamar pola tarde pola orientadora laboral.

A lista para a praza de auxiliar administrativo estivo exposta seis días. Podías ter preguntado aos funcionarios.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Menos mal que dixen que non quería polemizar e que Ribadavia era exemplar nesta cuestión. Eu sei e afirmo que a unhas persoas se lles chamou e a outros non. Os que máis utilizan a palabra polemizar deberían plantearse quen polemiza.

Alcaldesa.- Que o aclare o interventor.

Interventor.- Houbo dous procedementos. No de administrativo se publicou a lista seis días antes, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

No de orientador laboral non se pudo subir a lista por un problema informático á páxina web. Chamouse a todos , e viñeron todos os citados. Sen o fallo informático, non se tivera chamado.

Alcaldesa.- Eu participei en procesos de selección de persoal e nunca me chamaron para avisar.

Sometida a votación obtense o seguinte resultado votos a prol PP (5), BNG (1), en contra PSOE (3) RENC (2), fica aprobada. Faise constar que no momento da votación non está presente don José Ignacio Gómez Pérez.

9.-MOCIÓN DE URXENCIA. APROBACIÓN DO PROXECTO DO CONCELLO DE RIVADAVIA DO PACTO DOS ALCALDES SOBRE CLIMA E ENERXÍA.

Vista o Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas entidades locais asinantes do Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía sustentable , cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020 , e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipada de gasto.

O pleno do concello acorda:

-Solicitar subvención ao abeiro da Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas entidades locais asinantes do Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía sustentable , cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020 , e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipada de gasto.

-Aceptar as condicións e requisitos establecidos na Orde.

-Aprobar o proxecto de “ Plan de acción para el clima y la energía sostenible Ribadavia” redactado por Sicasoft Solutions SL de novembro de 2021.

-Que con data de 8 de outubro de 2021 o concello de Ribadavia remitiu as contas do exercicio 2020 ao Consello de Contas de Galicia.

Alcaldesa .- A URXENCIA VEN MOTIVADA POLOS PRAZOS DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN , SUMAMENTE BREVES, E O PROXECTO NON O TIVEMOS NO CONCELLO ATA ESTA MESMA SEMANA.

A urxencia fica aprobada por unanimidade.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.-É un proxecto no que se quere participar. Van medidas de aforro enerxético.É un proxecto positivo, que pode aportar moito a Ribadavia.

D César Fernández Gil (PP).- Estamos a favor, en outubro de 2019 se aprobou a adhesión a este pacto, cos votos a favor do PP.

Alcaldesa.- É un requisito previo para poder acceder a subvencións.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

ROGOS E PREGUNTAS.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- ¿ Hai fecha prevista para empezar a obra da Ponte da VERONZA?

Alcaldesa.- Estamos pendentes da dirección de obra

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- ¿ Cómo está o proceso de venda dos soares do casco histórico?

Alcaldesa.- O prazo remata o sete de decembro. Chama moita xente preguntando.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai moitos excrementos de animais en algunhas rúas e rúas con moitos baches.

Alcaldesa.- Na primeira cuestión falta conciencia en algunhas persoas; faremos o posible por solucionar o plantexado.

